



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O INSTITUTO TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA A REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA BASE DE DATOS DA CONSTRUCCIÓN NO PERÍODO 2018-2021.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o 28 de xuño de 2018 asinouse o Convenio de Colaboración entre o IGVS e o Instituto Tecnolóxico de Galicia (en adiante, ITG) para a revisión e actualización da base de datos da construción de Galicia no período 2018-2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o IGVS e o ITG para a revisión da BDCG, a actualización dos seus prezos, a ampliación dos seus produtos de construción, así como a realización de informes, relacionados cos sistemas construtivos, as instalacións e as novas tecnoloxías vinculadas á edificación, que servirán de base para introducir ou modificar partidas ou materiais na citada BDCG.

Con este fin, considerase axeitado continuar coa dinámica seguida ata o momento, mediante a realización das seguintes actuacións:

- 1.- A creación dunha Comisión Técnica de Seguimento, na que participen dous representantes de cada organismo nomeados polo director xeral do IGVS e polo Presidente do ITG coa función de prestar asistencia técnica aos grupos de traballo, seguimento permanente do desenvolvemento das actuacións realizadas e a revisión dos traballos e a aprobación, no seu caso, dos mesmos.
- 2.- A creación de Grupos de Traballo, coa participación dun mínimo de dous técnicos do IGVS e catro do ITG, a fin de definir e adoptar os criterios das actuacións, así como para definir as prioridades sobre os contidos da BDCG.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O IGVS e o ITG levan asinando dende 1993 nove convenios. O primeiro deles tiña por obxecto a realización dun banco de datos sobre os prezos da construción e edificación de Galicia (en adiante, BDCG); o segundo e posteriores xiraban entorno á revisión, á actualización e á ampliación da BDCG; a partir do terceiro, incluíronse as cuestións relativas a súa edición e publicación.





O último convenio asinouse o 4 de novembro de 2015 e rematou en decembro de 2017. Có obxecto da revisión da BDCG é necesario dar continuidade a esta colaboración entre as citadas entidades mediante a sinatura dun novo convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de Contratos do Sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumentos convencionais referidos, con exclusión doutras figuras.

E para que así conste, asínase esta memoria mediante sinatura electrónica.

